

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 7/2021 DO 27 DE MAIO POLA QUE SE ACORDA O REMATE DA VIXENCIA DAS INSTRUCIÓN DO 06/11/2020 E DO 10/11/2020 NO MARCO DA CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19

En data 6 de novembro de 2020, ditouse a instrución da xerencia pola que se adoptan medidas excepcionais de prestación de servizos do PAS no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. No segundo parágrafo do artigo quinto, relativo á entrada en vigor, dispónse *“A vixencia desta instrución esténdese ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo dos cambios que poidan producirse en virtude do que establezan as autoridades competentes ou da súa prórroga en función da evolución das circunstancias derivadas da emerxencia sanitaria.”*

O 10 de novembro de 2020 ditouse a instrución da xerencia pola que se modificaba o punto terceiro da instrución do 6/11/2020, mantendo a data de efectos ata o 31/12/2020.

Posteriormente, o 17 de decembro ditouse nova instrución pola que se prorrogaron as instrucións indicadas ata o 31 de xaneiro de 2021 e o 21 de xaneiro de 2021 volveu prorrogarse a vixencia indicando *“O remate da súa vixencia realizarase mediante nova instrución da xerencia”*

Na exposición de motivos da instrución do 6 de novembro, facíase referencia ao Decreto 178/2020, do 30 de outubro (DOG nº 219-bis, do 30 de outubro), da presidencia da Xunta de Galicia, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro (BOE nº 282, do 25 de outubro), así como ao decreto 179/2020 (DOG nº 223-bis 4 de novembro) e a orde da Consellería de sanidade do 4 de novembro (DOG nº 223-bis), pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

No Diario Oficial de Galicia número 69-bis do 14-04-2021, publicouse o Decreto 59/2021, do 14 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria. As medidas adoptadas neste decreto consolidan a percepción da mellora da situación sanitaria no ámbito galego e, en consecuencia, permiten avanzar na progresiva reincorporación ao traballo presencial no ámbito da Universidade de Vigo. Tense en conta ademais a Orde do 21 de maio de 2021 (DOG 94-bis do 21 de maio) pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 7 de maio de 2021, onde se establece un nivel de restrición medio-baixo para os concellos dos tres campus da universidade Ourense, Pontevedra e Vigo.

Á vista da situación actual da crise sanitaria, e unha vez que a proposta desta medida foi validada polo Comité de asesoramento sobre a Covid-19 na súa xuntanza do 19 de maio, esta xerencia resolve ditar a seguinte

INSTRUCCIÓN

Establécese a finalización da vixencia da instrución do 6 de novembro de 2020, pola que se adoptan medidas excepcionais de prestación de servizos do persoal de administración e servizos (PAS) no marco da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19 e da instrución do 10 de novembro de 2020 de modificación da anterior, con efectos das 00.00 horas do día 31 de maio de 2021.

Vigo, 27 de maio de 2021

A xerenta

Raquel M. Souto García

(documento asinado dixitalmente)